Qué
idea,
Someso!
V Concurso de Ideas

INDICE

1. PRESENTACIÓN 3

2. OBXECTIVO 3

3. PARTICIPACIÓN. 4

4. EVALUACIÓN DE PROXECTOS. 4

5. SELECCIÓN 5

6. FASES DO CONCURSO 5

7. PREMIOS 6

8. ACEPTACIÓN DE BASES 6

9. PRIVACIDAD E CONFIDENCIALIDADE 6

1.PRESENTACIÓN

O CIFP Someso presenta as bases de participación na quinta convocatoria do concurso de Ideas Emprendedoras, **QUE IDEA, SOMESO**!

QUE IDEA, SOMESO! é un concurso de ideas de negocio para dar a oportunidade ao noso alumnado emprendedor de dar un paso adiante coas súas ideas, dándoas a coñecer. Os estudantes/emprendedores poderán presentar as súas ideas e optar aos diferentes premios.

2.OBXECTIVO

O obxectivo de **QUE IDEA, SOMESO**! é fomentar a iniciativa emprendedora e impulsar a creatividade do noso alumnado. Para iso, o presente concurso ten como finalidade promover ideas que poidan desenrolarse en proxectos viables de empresa no futuro.

Neste senso admítense ideas de empresa que poidan aproveitar oportunidades de negocio en calqueira sector de actividade relacionado coas familias profesionais que se imparten no centro.

Os obxectivos específicos que se queren alcanzar son:

a) Premiar e promover o desenvolvemento de ideas creativas e innovadoras no CIFP Someso.

b) Promover a cultura emprendedora no centro.

c) Dinamizar e diversificar o emprendemento entre o noso alumnado.

d) Presentar o autoemprego como unha opción viable para a inserción laboral.

3. PARTICIPACIÓN

Os participantes deberán presentar as súas candidaturas a través do formulario disponible on line.

A modalidade para participar é a través dun ***elevator pitch***, no que cada participante relatará a súa idea nun tempo mínimo de **60 segundos** e máximo de **120 segundos.**

O prazo de presentación remata o día **13 de Decembro de 2024**.

En canto aos requisitos de participación, poderá participar todo o alumnado do centro matriculado no presente curso **24/25** que cumprimente debidamente a información requerida no formulario de inscripción, dentro do prazo establecido nas presentes bases.

Así mesmo deberá presentar unha idea orixinal, e valorarase a creatividade e innovación da mesma.

Permitirase presentar ideas de titularidade compartida, por dúas ou máis persoas. A persoa que realice a inscrición en nome dun grupo de participantes, responderá da veracidade dos datos facilitados e deberá contar coa autorización do resto de membros do equipo para que a inscrición sexa considerada válida. O participante garante a autoría do idea que presenta. Así, o participante será o único responsable legal ante calquera controversia que poida xurdir por incumprimento da lei respecto a os dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial

4. AVALIACIÓN DAS IDEAS

As ideas presentadas serán avaliadas coa información ofrecida no formulario de inscripción a través do vídeo de *elevator pitch* conforme aos seguintes criterios:

-Grao de innovación, diferenciación e orixinalidade da idea e no modo de comunicación. (0 a 40 puntos).

-Xeración de valor. (0 a 40 puntos).

-Realismo e carácter factible da idea exposta na contorna onde se pretende desenvolver. (0 a 20 puntos).

5. SELECCIÓN E XURADO

Comité de Selección e xurado: estará composto por membros do departamento de FOL, a Xefa de Departamento de Orientación e a vicedirección do centro.

Escollerase entre todas as ideas mediante votación individual, pública e motivada, de todos os membros.

6. FASES DO CONCURSO

1ª. Recepción de Ideas. Presentación de candidaturas. Os participantes deberán presentar as súas candidaturas a través do formulario dispoñible online, mediante vídeo. Estes non deben superar os 120 segundos e teñen que ser capaces de transmitir a oportunidade da idea de negocio proposta de forma clara e sinxela. Os vídeos deberán ser inéditos e de nova creación. Aceptaranse o material elaborado tanto individualmente como en equipo. Todos aqueles que incumpran o disposto quedarán automáticamente excluídos da convocatoria.

-Os vídeos deberán enviarse a través do formulario dispoñible na páxina de emprendemento.

2ª Selección de Ideas. Finalizado o prazo de recepción de ideas, o Comité de Selección procederá a comprobar o cumprimento dos requisitos. O Comité seleccionará as mellores ideas en función dos criterios de avaliación descritos nas presentes bases.

3ª. Fallo do Xurado e entrega de premios.

7. PREMIOS

As ideas seleccionadas como finalistas recibirán o correspondente recoñecemento mediante un diploma acreditativo emitido polo centro e un cheque regalo por valor de:

categoría a (ciclos de grao superior)

- **1º premio á mellor idea de negocio, CHEQUE POR VALOR DE 100 EUROS.**
- **2º premio á mellor idea de negocio, CHEQUE POR VALOR DE 50 EUROS.**

categoría b (ciclos de grao medio)

- **1º premio á mellor idea de negocio, CHEQUE POR VALOR DE 100 EUROS.**
- **2º premio á mellor idea de negocio, CHEQUE POR VALOR DE 50 EUROS.**

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

Os concursantes, pola súa mera participación, declaran coñecer e aceptar integramente as presentes bases. Todos os concursantes renuncian de forma expresa a efectuar impugnación algunha das decisións do Comité de Selección e do Xurado. Os participantes poderán quedar excluídos do concurso pola vulneración de calquera das normas recollidas nestas bases.

9. PRIVACIDADE E CONFIDENCIALIDADE

A organización do concurso e, especialmente, os membros do Comité de Selección e do Xurado, garanten a confidencialidade de todas as ideas presentadas.

No desenvolvemento das distintas fases da selección de ideas, os membros do Comité de Selección e do Xurado terán acceso aos datos de carácter persoal e os detalles das ideas presentadas.

A organización se reserva, para a publicida de do evento, o dereito para difundir os nomes dos participantes e as liñas xerais das ideas presentadas e seleccionadas. Pero en ningún caso se publicitará o material entregado, salvo consentimento expreso do titular da idea.

Os participantes autorizan e aceptan expresamente o tratamento dos seus datos necesario para as finalidades concretadas nos parágrafos precedentes deste apartado.